

Normas provisionais para a instrución e resolución dos expedientes disciplinarios abertos a estudantes da UDC (aprobadas no Consello de Goberno de 14 de abril de 2011).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

Un dos ámbitos da actividade administrativa das Universidades onde a inseguridade xurídica é maior é no campo do procedemento disciplinario dos estudantes.

Ainda hoxe, trinta e tres anos despois da aprobación da Constitución española de 1978, a tramitación destes expedientes non ten outra norma que o Regulamento de disciplina académica dos centros oficiais de ensino superior, aprobado polo Decreto de 8 de setembro de 1954 (BOE nº 285, de 12 de outubro). Un regulamento preconstitucional, cuxa interpretación e aplicación ten dado lugar a distintas controversias xurisprudenciais.

Este contexto de inseguridade xurídica debe ser superado nos termos garantistas previstos pola Constitución (principio de legalidade penal e sancionadora, art. 25), pola xurisprudencia constitucional sobre o *ius puniendi* e pola normativa básica sobre procedemento administrativo común (en especial, o título IX da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de rexime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común).

O Estatuto do Estudante Universitario, recentemente aprobado polo do Real Decreto 1791/2010, de 30 de decembro (BOE nº 318, de 31 de decembro) é consciente desta situación. Porén, non pudo abordar, polo seu propio rango regulamentario, a aprobación dun cadro de infraccións e sancións neste ámbito, remitindo a regulación dos procedementos sancionadores no ámbito universitario a un futuro proxecto de lei que o goberno deberá presentar no prazo de un ano¹.

Entrementres, a tipificación de infraccións e sancións, así como a tramitación dos expedientes disciplinarios abertos aos estudantes, deberá continuar axustándose ao previsto no Regulamento de disciplina académica dos centros oficiais de ensino superior de 1954, interpretado á luz do bloque da constitucionalidade citado anteriormente.

¹ Disposición adicional segunda do RD 1791/2010: *“El Gobierno presentará a las Cortes Generales, en el plazo de un año a partir de la entrada en vigor del presente Real Decreto, un proyecto de ley reguladora de la potestad disciplinaria, en donde se contendrá la tipificación de infracciones, sanciones y medidas complementarias del régimen sancionador para los estudiantes universitarios de acuerdo con el principio de proporcionalidad. De igual modo, en dicho proyecto de ley, se procederá a la adaptación de los principios del procedimiento administrativo sancionador a las especificidades del ámbito universitario, de manera que garantice los derechos de defensa del estudiante y la eficacia en el desarrollo del procedimiento”*.

II

A existencia de expedientes disciplinarios incoados a data de hoxe na Universidade da Coruña aconsellan que, en uso da autonomía universitaria, e mentres non se dite a norma básica do Estado, se proceda á aprobación dun procedemento provisional para a instrucción e resolución dos expedientes disciplinarios abertos aos estudantes da Universidade da Coruña, que sexa quen de garantir axeitadamente, por unha banda, o respecto dos dereitos e garantías constitucionais dos interesados, e, por outra, a satisfacción do interese xeral.

En consecuencia, adóptanse as seguintes normas específicas para a tramitación dos expedientes disciplinarios abertos aos Estudantes da Universidade da Coruña:

CAPÍTULO ÚNICO

Artigo 1.- Unha vez incoado expediente disciplinario e nomeado instrutor do mesmo mediante Resolución reitoral, o instrutor poderá practicar todos os actos de instrucción necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deba adoptarse a resolución. Asimesmo, poderá en calquer momento adoptar motivadamente, de oficio ou a instancia de parte, medidas cautelares que aseguren a protección dos intereses públicos ou de terceiros, con pleno respecto do principio de proporcionalidade.

Terá a consideración de interesado/a os denunciante, se os houber, e o inculpado/a, en todo caso.

Artigo 2.- O/a instrutor/a deberá tomar declaración personal ao inculpado/a sobre os feitos presuntamente constitutivos de infracción administrativa, para o cal deberá emprazalo mediante correo certificado con acuse de recibo. O inculpado poderá acudir a esta dilixencia asistido de técnico en asesoramento legal.

Artigo 3.- O/a inculpado/a gozará da presunción de inocencia mentres non se demostre o contrario, e do dereito a non declarar na súa contra. Poderá presentar alegacións en calquer momento, achegar documentos ou outros elementos de xuízo, e propor proba sobre os extremos sobre os que considere convenientes. O/a instrutor/a poderá rexeitar a realización da proba proposta polos interesados/as cando sexan manifestamente improcedentes ou innecesarias, mediante resolución motivada.

Artigo 4.- Unha vez reunidos os elementos probatorios oportunos, o/a instrutor/a deberá formular, de ser o caso, un prego de cargos, no que se fixen os feitos considerados probados, e se concreten tanto as infraccións cometidas como as sancións cuxa imposición se propón.

Artigo 5.- O/a instrutor/a notificaralle o prego de cargos aos interesados/as, dándolle traslado do mesmo por un termo de 8 días hábiles, para a realización das alegacións e descargos que estime oportunos, con dereito á vista do expediente.

Artigo 6.- Recibida a contestación ao prego de cargos, e practicadas as actuacións que o instrutor considerase oportunas, este formulará proposta fundamentada de resolución, que será elevada ao Reitor/a para a súa resolución.

Se as condutas sancionadas tivesen causado prexuízos ou danos á UDC, a resolución do procedemento poderá declarar ben a reposición ao seu estado orixinario da situación alterada pola infracción, ben a indemnización polos danos e prexuízos causados, cando a súa contía puidese ter sido determinada na sustanciación do procedemento.

Artigo 7.- Contra as resolucións do Reitor/a caberá recurso potestativo de reposición, a interpor no prazo de un mes a contar desde a súa notificación, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo, a interpor no prazo de dous meses a contar desde a súa notificación.

Artigo 8.- Se na instrucción do expediente se apreciase que os feitos cometidos poden ser constitutivos de delito ou falta, o/a instrutor/a propondrá ao Reitor/a a remisión das actuacións ao Ministerio Fiscal para a depuración das eventuais responsabilidades penais, permanecendo suspendido mentras tanto o procedemento disciplinario. Os feitos declarados probados por sentenzas penais firmes vinculan á UDC respecto dos procedementos disciplinarios que sustancien sobre os mesmos feitos, fundamentos e persoas implicadas.

Artigo 9.- As infraccións previstas no Regulamento de disciplina académica de 1954 prescreben aos seis meses (infraccións leves), aos dous anos (infraccións menos graves) e aos tres anos (caso das infraccións graves) desde a súa comisión. Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do/a interesado/a, do procedemento disciplinario.

Artigo 10.- As sancións impostas pola comisión de faltas graves prescrebe aos tres anos, as impostas por faltas menos graves aos dous anos e as impostas por faltas leves ao ano. Este prazo computarase desde o día en que a súa imposición adquira firmeza.

Artigo 11.- Os expedientes disciplinarios abertos aos estudantes caducan aos seis meses da súa incoación.

Artigo 12.- En todo o non previsto especificamente nas anteriores normas, será de aplicación supletoria o Regulamento de Disciplina Académica aprobado por Decreto de 8 de setembro de 1954 (BOE nº 285, de 12 de outubro), así como o Título IX da Lei 30/1992 e o Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto.